



MEMORIA FINAL 1 º cuadrimestre CURSO 2025 /2026

Materia: Ámbito Social. ESPA IV
DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia
Profesora: Tereixa Otero Dacosta

INFORMACIÓN DO SEGUIMENTO FINAL DA PROGRAMACIÓN

Curso: 4º ESPA 1º cuadrimestre Avaliación Ordinaria	Alumnos/as matriculados: 12	Aproban: 7 (58,3%) Sobresaliente: 1 Notable: 2 Ben: 1 Suficiente: 3	Suspenden: 5 (41,6%)
Curso: 4º ESPA 1º cuadrimestre Avaliación Extraordinaria	Alumnos: 5	Aproban: 0 (0%)	Suspenden: 5 (100%)

Descrición do grupo: características xerais e aspecto actitudinal.

A actitude do alumnado foi, en xeral, moi boa. O grupo era de procedencia, idade e nivel académico moi heteroxéneo; algúns alumnos son procedentes de Venezuela, e temos alumnado galego con moi baixa autoestima, que xa o tivemos o curso pasado. Algúns destes últimos conseguiron titular, a maioría dos suspensos son alumnas-os que non veñen a clase.

Desenvolvéronse os contidos previstos na Programación?

Os contidos tratados, de acordo coa Programación e a Guía Docente publicada na Aula Virtual, foron:

- 1.- O Imperialismo. I Guerra Mundial e Revolución Rusa.
- 2.- O Período de Entreguerras: O crack do 29 e os totalitarismos.
- 3.- II República española e Guerra Civil.

Quedaron sen tratar:

- 4.- Franquismo e transición en España.
- 5.- Guerra Fría e Descolonización.
- 6.- Expresións artísticas e culturais do S.XX.
- 7.- A Unión Europea.
- 8.- O Mundo Actual.
- 9.- Outro mundo é posible: Ecoloxismo, Pacifismo e Feminismo.

De non ser así, indicar os cambios.

Estiven de baixa ata o 3 de novembro. Cando me incorporei o alumnado non contaba con ningunha proba nin tiña feita a avaliación inicial, polo que comecei dende o principio, tentando resumir os contidos ao máximo para abarcar o maior número de temas posibles.

Xustificación deses cambios e principais dificultades detectadas.

Sempre me parece imprescindible partir das orixes da Idade Contemporánea, que algúns alumnos desco-

ñecían; así como a maioría dos temas. Á Avaliación Extraordinaria, non se presentou ningún dos cinco alumnos-as suspensos-as.

CATEGORÍAS E INDICADORES DE LOGRO

1- Adecuación da Programación didáctica e da súa planificación ao longo do curso académico

Como avaliación inicial, fixen unha proba escrita despois da primeira semana de clase, para poder analizar así o punto de partida de cada alumno/a e coñecer as súas capacidades.

A avaliación se fixo seguindo os criterios sinalados na Programación didáctica da materia, si ben non se empregaron máis Instrumentos de Avaliación que as probas escritas, xa que non tivemos tempo para máis.

Con respecto á selección e temporalización dos contidos, cómpre sinalar que non da tempo material a tratar con rigor todos os contidos; pois hai que ter en conta as características do alumnado.

O alumnado que participa no Clube de Lectura ten un punto extra, sempre e cando lea, asista e demostre ter lido o libro indicado.

A cualificación mínima para superar o curso é de 5 puntos.

2- Metodoloxía empregada

Tal e como sinalamos na Guía Docente, publicada na Aula Virtual: "... as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades; serán abertas á participación e promoverán actitudes de diálogo, que permitan abrir vías de relación entre persoas de procedencias diversas. Así se procurou facer, tal e como indica o Currículo: *"As actividades deberán contribuír á formación en destrezas comunicativas e cooperativas e ao reforzo da autoestima... Así como interpretar o currículo conforme á realidade do contexto educativo e ás características do alumnado, as súas experiencias e aprendizaxes previas e os seus intereses e necesidades. O fin último será facilitar a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para o desenvolvemento das competencias específicas de cada ámbito e as competencias clave do perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico"*.

3- Organización xeral da aula e aproveitamento dos recursos

Utilizáronse os recursos publicados na Aula Virtual (ficheiros en pdf, apuntamentos, esquemas, textos, mapas, vídeos, artigos de prensa, presentacións, enlaces a páxinas web...) e tarefas, en papel, ou ben, en ocasións, a través da plataforma. A profesora intentou adaptarse ao tipo de alumnado, tendo en conta a súa diversidade á hora de utilizar materiais e recursos variados, que fosen de utilidade para unha mellor comprensión dos contidos e adquisición de competencias.

4- Medidas de atención á diversidade

Procurouse, en todo momento, que as explicacións fosen axeitadas e comprensibles. Con respecto á recuperación, no caso de que algún alumno/a non acadase a nota de 5 nalgunha proba escrita; se lle permitiu volver a examinarse deses contidos, excepto aos alumnos que non asistían ás clases, nin se presentaron ao exame final, nin á convocatoria extraordinaria.

5- Clima de traballo na aula

A profesora intentou, en todo momento, motivar ao alumnado. O ambiente foi positivo.

Actividades complementarias.

Alguns alumnos asistiron, voluntariamente, á visita ao Pazo Quiñones de León, organizado pola profesora da ESPA IV. E participaron no clube de lectura.

Outras consideracións de importancia. Propostas/suxestións.

É imposible dar todos os contidos sinalados na Programación, tendo en conta as necesidades académicas do alumnado da ESPA.